



CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO USO E UTILIZACIÓN DA PISTA DE PÁDEL MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO LEGAL.

No uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por utilización da pista de pádel municipal, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, que nas súas normas atende ó previsto nos artigos 16, 20.4 e 57 do citado Texto Refundido.

ARTIGO 2º.- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa o uso e utilización da pista de pádel municipal, de lúns a domingo de 09:00 a 0:00 horas.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que soliciten os servizos ou actividades constitutivos do feito imponible da taxa.

ARTIGO 4º.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria será fixada nas tarifas contidas no artigo seguinte, gravándose a utilización da pista con carácter de exclusividade, con independencia do número de participantes e a actividade que realicen.

ARTIGO 5º.- TARIFA

A tarifa a aplicar será a seguinte:

- a) Reserva de pista de pádel: 8€/ 90 minutos. A reserva de pista comezará sempre nas horas “en punto” ou “e media”.
- b) Tarifas con luz: incrementarse 2€/tarifa pola utilización de luz na pista.

A efectos da liquidación das tarifas con luz, entenderase que estas proceden de forma automática cando a actividade se desenvolva a partir das 18:00 horas.



CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

ARTIGO 6º.- DEVENGO

A obriga de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace dende o momento previo a efectiva utilización da pista de pádel, concretamente no momento da solicitude de utilización da mesma que se realizará exclusivamente a través da aplicación pistas online (<https://riotorto.pistas-online.com>)

ARTIGO 7º.- XESTIÓN

7.1. A xestión da pista de pádel municipal efectuarase de forma directa polo Concello.

7.2. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, recargando o correspondente moedeiro de cada usuario nas oficinas municipais mediante pago en efectivo.

7.3. As reservas da pista de pádel só poderán realizarse mediante solicitude presentada a través da referida aplicación (<https://riotorto.pistas-online.com>)

7.4. A non utilización da pista reservada deberase anular na antedita aplicación.

7.5 As chaves estarán a disposición dos usuarios na estación de servizo ubicada na rúa Alcalde Castrín e deberán ser devoltas no mesmo lugar unha vez rematada a actividade.

ARTIGO 8º.- NORMAS DE UTILIZACIÓN E RESPONSABILIDADE DO USUARIO.

8.1. As pistas permanecerán abertas de luns a domingo de 09:00h a 00:00h. O devandito horario poderá ser variado en función das necesidades desta entidade local..

8.2. A utilización das instalacións deportivas realizarase por parte das persoas, dotados do equipo e material deportivo adecuado para a práctica deportiva concreta. O incumprimento desta obriga será motivo suficiente para decaer o dereito a utilizar as instalacións.

8.3. Os usuarios que fagan un mal uso das instalacións ou provoquen danos intencionados nas mesmas serán privados de facer uso das pistas de pádel, sen perxuízo das posibles reclamacións de índole patrimonial que poida interpoñer, en defensa dos seus dereitos, o Concello de Riotorto. A reiteración deste tipo de condutas imposibilitará o uso das instalacións durante un período indefinido.

8.4. O Concello de Riotorto declina toda responsabilidade respecto a lesións que se puideran orixinar derivadas da práctica deportiva.

8.5. Os participantes no momento de facer a reserva, manifestan estar fisicamente aptos para realizar a actividade físico-deportiva.

8.6. Unha vez rematada a sesión, os usuarios deberán abandoar a pista e recoller todas as súas pertencencias, roupa, palas, pelotas, botellas, botes, etc... deixando a pista nas mesmas condicións ca antes da súa utilización.



CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

8.7. O Concello de Riotorto non se fará responsable da perda, roubo o extravío de calqueira obxecto que se deixe na pista.

ARTIGO 9º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Nos casos de incumprimento das obrigas establecidas na presente Ordenanza fiscal, segundo o previsto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que, reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente ordenanza fiscal, unha vez aprobada definitivamente, entrará en vigor e será de aplicación o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo en vigor ata a súa derogación expresa.

En Riotorto, a 19 de maio de 2026.